

Só 545 teñen expedientes de sanción, pero hai moitas máis que non están rexistradas

## OS RÍOS GALEGOS SOPORTAN 4.590 VERTEDEURAS

RESULTA MOI DIFÍCIL LOCALIZAR O AUTOR DA POLUCIÓN SE NON SE DETECTA EN POUCOS MINUTOS

Sergio Cobos / AGN - Sant ago

Que a auga e o aceite non se mesturan é unha lección que se aprende na escola, pero vendo o historial de verteduras oleosas e tóxicas que padecen os ríos galegos parece que a comunidade aínda ten os deberes sen facer. Segundo o último informe de Augas de Galicia deste ano, a Administración autonómica identificou 4.590 verteduras contaminantes nas súas correntes de auga doce, dos que 1.515 se localizan na Coruña, 878 en Lugo, 1.031 en Ourense e 1.166 en Pontevedra. De todos eles, un 62% proceden das casas, mentres que nun 29 por cento son verteduras industriais.

Pero esta cifra sobre o número de verteduras non é absoluta xa que, como manifesta o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez, "aínda queda moito por descubrir e facer" na identificación de puntos negros de verteduras domésticas e industriais: moitos deles non están rexistrados dentro do Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015. Segundo o Plan de acción feito público pola Xunta hai tres meses, destas 4.590 verteduras, unhas 2.212

están autorizadas, 617 están aínda en trámite de autorización e 227 teñen expediente de autorización arquivados. Unhas 545 verteduras teñen expedientes sancionadores sen autorización asociada e 989 danse en aglomeracións urbanas.

Ferrando Cobo, profesor de Zooloxía da USC, expresa que "non hai un mapa real de verteduras nos ríos", xa que moitas delas se realizan na "clandestinidade" e, para determinar a "autoría do crime", é necesario emprender unha análise de mostras de auga contaminada pouco minutos despois de que a vertedura se produza. Cobo agrega que a Administración "debe ampliar os efectivos de vixilancia, ademais de calcular o poder contaminante dunha empresa antes de permitirlle a súa implantación".

### O Ullia, o Ulla e o Sar, os máis castigados polas verteduras

Tanto a Consellería de Medio Ambiente, como as asociacións ecoloxistas Adegas e Greenpeace coinciden

en que as concas máis castigadas pola contaminación das verteduras son as dos ríos Ullia, Ulla e Sar. Segundo o último estudo deste ano de Greenpeace sobre a calidade do caudal galego, estes tres ríos "atopáanse moi afectados por verteduras de ácido altamente tóxico, ademais de plásticos e excrementos que non foron correctamente depurados". Os datos deste informe foron confirmados polo Plan de acción para o control de verteduras de Galicia, elaborado pola Consellería de Medio Ambiente ao final do trimestre pasado, que podería limpar a cara das concas máis danadas pola polución industrial.

Greenpeace manifesta que "a conca do río Ulla é a máis explotada de Galicia", xa que recolle as augas fecais da poboación e os tóxicos da industria, que a Consellería data en "509 verteduras" desde finais do 2006 segundo o seu informe. A asociación Adegas agrega outro dato sobre este río: o Ulla soporta "dez aproveitamentos hidroeléctricos en explotación na súa conca, algúns deles con minicentraís". O secretario xeral de Adegas, Fins Eixeras, opina que "os problemas deste río é que discorren por zonas moi poboadas". Os impactos dos polígonos industriais de Padrón e Tambre —no caso do Sar— e de Caldas de Reis no Ullia ademais das actividades agrogandeiras completan un calendario de agresións que ata a data seguen provocando denuncias cidadás. ●

### O DATO

#### O 62% provén das vivendas

O 62% das verteduras localizadas saen de áreas urbanas. En Eirexas, de Adegas, considera que "a Xunta incumpre o mandato da UE sobre instalar depuradoras en concellos con máis de 2.000 habitantes".



A praia de Sansenxo, coas barreiras absorbentes o fondo

### ACCIDENTE

## Un pesqueiro espárese gasóleo e obriga a pechar Sansenxo ó baño

O vertido de 300 litros de fuel causado polo afundimento dun pequeno pesqueiro que se atopaba amarrado a porto en Sansenxo obrigou a colocar barreiras absorbentes e a pechar o baño dúas praias deste municipio como medida de precaución, informaron á axencia Efe fontes da Xunta. O suceso produciuse

onxe, sobre as 4.00 horas, cando Protección Civil soubo que un pesqueiro duns 8 metros de eslora, atracado en Sansenxo, se estaba afundindo, previsiblemente por un exceso de tensado no amarre, un do á baixoa da marxa. Técnicos de Portos de Galicia colocaron barreiras absorbentes para frear o fuel do barco.

**TRÁFICO** ■ Tres persoas feridas graves na Baña ó chocar frontalmente os turismos nos que viaxaban

## Morre un peregrino francés atropelado por un coche en León

Un peregrino francés de 58 anos, cuxa identidade corresponde coas iniciais CH.G.A.J., resultou morto onte tras ser atropelado por un turismo da marca Volkswagen Golf con matrícula B-7172-TW.

Segundo informaron fontes da Subdelegación do Goberno de León e do Servizo de Urxencias 112 de Castela e León, os feitos producíronse ás 7.00 horas no quilómetro 10,700 da estrada LLE-713 (Fuentesnuevas-Villafranca del Bierzo)

nas proximidades da localidade de Pieros, no municipio de Cacabelos en León. O vehículo causante do accidente saíu da vía pola marxe esquerda debido a que o condutor perdeu o control do coche e atropelou o peregrino que neses momentos se dirixía a pé cara a Pieros.

Ata o lugar do accidente trasladouse a Garda Civil, unha UVI móbil do Sacyl, así como un equipo médico do centro de saúde de Cacabelos. Debido á gravidade das fe-

ridas e á contundencia do impacto, os facultativos só puideron certificar o falecemento do peregrino no mesmo lugar dos feitos. O condutor e tamén o único ocupante do turismo resultou ileso.

Por outra banda, tres persoas resultaron feridas de gravidade na Baña, que pertence á provincia da Coruña, ó chocar frontalmente os dous turismos nos que viaxaban cando un deles intentaba adiantar a un terceiro vehículo, que finalmente non se viu afectado polo sinistro acontecido nese intre.

Segundo informou onte a Garda Civil de Tráfico, o accidente ocorreu ao redor da 1.00 desta madrugada no punto quilométrico 22 da estrada CP-0701, ó seu paso polo lugar que recibe o nome de Failde.

As vítimas viaxaban nun Peugeot 605 e nun Seat Córdoba e responden á iniciais de M.R.P. de 44 anos de idade; A.G.G., de 21 anos; e M.C.I., de 46 anos. ● AXENCIAS

**CAMPAÑA** ■ A Consellería de Pesca comezou 'Mar de cerca' para divulgar produtos galegos

## Xan vencerá os cativos dos "poderes" do peixe

A Consellería de Pesca inicia hoxe unha campaña audiovisual para promover o consumo de peixe entre os máis cativos. O protagonista deste proxecto será Xan, un nenec que xa saíu en medios escritos e que é un debuxo animado de estética manga.

Segundo informou Pesca, ademais dos anuncios en prensa, radio e televisión. Xan protagonizará outras iniciativas sorpresas cunha ampla gama de actuacións

entre as que se atopan a entrega de diverso material promocional. Deste xeito, unha praia galega amenecerá a mediados de agosto chea de discos voadores coa imaxe deste personaxe.

A Consellería de Pesca comezou esta fin de semana pasada tamén. Mar de cerca, outra campaña de promoción destinada a divulgar os produtos galegos para fomentar o seu coñecemento entre os consumidores. ● AGN